

Benquerido amigo,

Comeza o período de petición da **Memoria da Producción Científica** realizada polos departamentos/institutos/centros singulares, estacións e grupos de investigación **correspondente ao ano 2011**.

Seguimos a profundizar na política de responsabilidade social polo que este ano tampouco se requirirá que se envíe a documentación xustificativa das contribucións rexistradas na aplicación informática. A Oficina de Investigación e Tecnoloxía levará a cabo unha comprobación por mostraxe da veracidade dos datos rexistrados, para o que poderá solicitar, no momento que estime oportuno, dalgúns departamentos/institutos/centros singulares/estacións ou grupos de investigación a xustificación correspondente aos méritos rexistrados.

No caso de que na verificación se detectasen méritos rexistrados para os que non exista documentación xustificativa, a USC procederá a deducir, do importe da produción científica do ano seguinte, o 300% da cantidade que lle correspondería ao PDI, grupo ou grupos de investigación implicados por cada ítem non xustifico.

No caso da xustificación de publicacións non periódicas (libros) a Vicerreitoría de Investigación e Innovación poderá solicitar dos autores que recaben, e posteriormente remitan á Vicerreitoría de Investigación e Innovación, unha carta da editorial correspondente na que figuren os seguintes datos:

- Nome e CIF da editorial
- Sede Social
- Nome do editor ou representante do Consello editorial encargado da edición do libro en cuestión. Datos do contacto do editor: Telf. e dirección de correo electrónico.
- Breve descrición do proceso editorial seguido co libro en cuestión.

Unha vez mais quero chamar a túa atención sobre a importancia que ten que desde a dirección do dpto./inst./estacións e centros singulares se supervise a correcta presentación da documentación, é necesario axustarse o mais posible ás instrucións que se achegan xa que como sabes, a avaliación das actividades faise de xeito totalmente automática mediante a aplicación informática da Producción Científica (PC).

Os departamentos, institutos estacións e centros singulares constitúen a máxima autoridade científica na nosa Universidade nas áreas da súa competencia e como tal, deben coidar que as contribucións presentadas sexan claramente actividades de investigación (outras non se valoran aquí) e que se sitúen nos apartados correspondentes.

Como complemento aos ítems que se valoran na memoria de investigación, os departamentos, institutos, centros singulares e estacións biolóxicas poden remitir a información, debidamente xustificada e referenciada dos conceptos que se sinalan a seguir:

- Profesores incorporados ao departamento dende a última petición da produción científica e que **foran profesores o ano anterior noutra universidade**.
- Profesores que tiveron durante o ano 2011 o cargo de presidente ou secretario de sociedades científicas nacionais ou internacionais de especial relevancia e **con clara relación coa investigación** (exclúense sociedades con sede na Comunidade Autónoma de Galicia).

Como en anos anteriores os grupos de investigación percibirán axuda polas súas actividades de investigación, o seu cálculo realizarase a partir dos datos que se rexistren nos departamentos/institutos/estacións biolóxicas/centros singulares



VICERREITORÍA DE INVESTIGACIÓN  
E INNOVACIÓN

Oficina de Investigación e Tecnoloxía

Servizo de Convocatorias e Recursos Humanos de I+D

Edificio CACTUS – Campus universitario sur

15782 Santiago de Compostela

Tel. 981 547 040 - Fax 981 547 077

Correo electrónico: [cittinfo@usc.es](mailto:cittinfo@usc.es)

<http://imaisd.usc.es>

Aos únicos efectos de valorar a súa produción científica consideraranse como compoñentes valorabeis do grupo a aqueles que, na data de remate do prazo de gravación de datos, están incluídos no mesmo.

Do mesmo xeito soamente terán dereito a percibir á axuda por produción científica aqueles grupos de investigación que estean formalmente constituídos na data antes mencionada.

[O prazo de gravación e presentación da memoria de investigación comezará o 10 de xullo de 2012 e rematará o 11 de setembro de 2012.](#)

O Servizo de Convocatorias e Recursos Humanos de I+D+i ten habilitado un enderezo de correo electrónico [pcientifica@usc.es](mailto:pcientifica@usc.es) no que se pode efectuar calquera consulta relacionada con este procedemento, así mesmo, na web da Vicerreitoría existe unha páxina de preguntas frecuentes (FAQ) relacionadas coa xestión da produción científica onde se incorporarán as consultas máis habituais que se reciban en relación co tema.

Agradecendo a túa colaboración, recibe un cordial saúdo.

Santiago de Compostela, 5 de xullo de 2012  
A Vicerreitoría de Investigación e Innovación